



Concello de Moaña

ANEXO II

MENCIÓN ESPECIAL: PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO NO DEPORTE

Indicade a **especialidade deportiva** da entidade proposta:.....

Marcade o que proceda:

1. Trátase dun deporte masculinizado ou feminizado:.....

Entenderase por deporte masculinizado aquel no que a porcentaxe de licencias federativas femininas estea por debaixo do 35% do total das licencias da correspondente federación galega.

Entenderase por deporte feminizado aquel no que a porcentaxe de licencias federativas masculinas estea por debaixo do 35% do total das licencias da correspondente federación galega.

2. Indicade

Núm. categorías/equipos femininas no caso dos deportes masculinizados

Núm. categorías/equipos masculinos no caso dos deportes feminizados

A entidade deberá contar con algunha categoría/equipo feminina, no caso dos deportes masculinizados, ou masculina, no caso dos deportes feminizados.

CRITERIOS DE VALORACIÓN OBXECTIVA

1. Equilibrio entre as categorías femininas e masculinas dentro da entidade.

O equilibrio entre as categorías femininas e masculinas dentro da entidade valorarase do 1 ao 10. (Valorarase con 1 punto o caso de que a entidade teña unha soa categoría/equipo feminina nun deporte masculinizado, ou masculina nun deporte feminizado. Valorarase con 10 puntos no caso de que a entidade teña só categorías/equipos femininas en deportes masculinizados, ou masculinas en deportes feminizados).

Describir situación da entidade:.....
.....

2. Presenza feminina no corpo técnico.

A presenza feminina no corpo técnico da entidade valorarase do 1 ao 10. (Valorarase con 1 punto cando a presenza feminina sexa do 10% sobre o total de membros, e con 10 puntos cando esta presenza sexa do 100%).

Describir situación da entidade:.....
.....

3. Presenza feminina na directiva da entidade.

A presenza feminina na directiva da entidade valorarase do 1 ao 10. (Valorarase con 1 punto cando a presenza feminina sexa do 10% sobre o total de membros, e con 10 puntos cando esta presenza sexa do 100%).

Describir situación da entidade:.....
.....

4. A presidencia da entidade estea ostentada por unha muller.

No caso de que o cargo da presidencia da entidade sexa ocupado por unha muller adxudicaranse 5 puntos adicionais á candidatura.

Describir situación da entidade:.....
.....

Concello de Moaña